



1.- identificación da tarefa			
curso	6º EP	área	LINGUA GALEGA
produto final (socialmente relevante)	Elaboración dun caderniño de pasatempos con datos da vida e da obra de Rosalía de Castro, por mor da celebración do seu día o 20 de febreiro. Dende o Equipo de Biblioteca solicítase ao equipo docente que cada nivel realice algunha actividade relacionada coa conmemoración. Unha vez trasladada a proposta ao alumnado, e realizada unha pequena investigación sobre a autora, este decide facer o caderniño que se repartirá ao alumnado a partir de 3º de E.P. e porase á disposición da comunidade educativa na zona de entrada do centro para quen queira levalo. Tamén se fará público a través da web do centro.		
temporalización	7 semanas		

2.- accións		
accións	estándares de aprendizaxe	instrumentos de avaliación
1º.-Presentación da tarefa: participación nunha iniciativa do Equipo de Biblioteca na que nos piden que realicemos algunha actividade/material relacionado coa celebración do Día de Rosalía de Castro.	LGB1.5.1. escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	
2º.-Comezaremos facendo unha dinámica cooperativa (Bola de Neve), coa que o alumnado	LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.	



terá a oportunidade de decidir que quere saber ou aprender sobre Rosalía. * (1)		
3º.-De todas as temáticas propostas, seleccionar un ámbito para cada equipo cooperativo. Por exemplo, nunha clase de cinco equipos cooperativos, a investigación centraríase en: biografía, obras máis importantes, lugares nos que viviu, premios que recibiu e anécdotas da súa vida.	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	DESEMPEÑO: Observación do debate e toma de decisións no que se seleccionan os ámbitos nos que centrarán a investigación. INSTRUMENTO AVALIACIÓN: Guía de observación desenvolta no apartado 3.2 (diario de clase) COMPETENCIAS AVALIADAS: • CCL • CSC



4º.-Pescuda de información empregando bibliografía e recursos da rede proporcionados polo profesorado, por exemplo: http://rosalia.gal/rosalia/biografia/ http://www.chiscos.net/almacen/lim/rosalia_de_castro1/rosalia_de_castro.html https://www.youtube.com/watch?v=kzseh_miuDw https://www.youtube.com/watch?v=ZR5fnPUnHFQ Adicaremos dúas sesións nas que os equipos terán que buscar a información que se lle encomendou así como elaborar un pequeno resume, esquema ou guión que logo se poñerá en común. Estas producións formarán parte do produto final e acompañarán aos pasatempos.	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto. LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	DESEMPEÑO: Observación da procura de información tendo en conta as fontes facilitadas. INSTRUMENTO AVALIACIÓN: Rúbrica desenvolta no apartado 3.1 COMPETENCIAS AVALIADAS: • CCL • CAA • CSIE
5º.-Será o mestre/a o encargado/a de recompilar toda a información e facilitarlla ao alumnado. Farase unha lectura e posta en común grupal de tal xeito que cada equipo teña a oportunidade de aclarar, responder ou complementar a información compartida así como aclarar todas as posibles dúbidas que poidan xurdir.	LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.	
6º.-Discusión das propostas e realización dunha votación para decidir que produto se vai levar a cabo.	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	DESEMPEÑO: Observación do debate e toma de decisións no que se seleccionan os



ámbitos nos que
centrarán a
investigación.

INSTRUMENTO

AVALIACIÓN: Guía de observación desenvolta no apartado 3.2 (diario de clase)

COMPETENCIAS

AVALIADAS:

- CCL
- CSC

7º.-Investigación sobre os diferentes tipos de pasatempos por equipos cooperativos. Para isto empregaranse recursos coma a biblioteca de centro e de aula, revistas infantís e diferentes páxinas web como:

<https://es.wikipedia.org/wiki/Pasatiempo>

<https://listas.20minutos.es/lista/mayores-pasatiempos-393477/>

<http://educarydivertir.blogspot.com.es/2012/12/diferentes-pasatiempos.html>

LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.



8º.-Realización de diferentes pasatempos de cara a fomentar o coñecemento en base á práctica. Para isto, o mestre/a daralles diferentes exemplos para que resolvan tanto en formato papel como en liña. Exemplos:

<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/>
<http://www.sopasletras.com/>

9º.-Proposta e votación sobre os pasatempos que se queren integrar no caderniño e escolleranse as máis votadas tendo en conta que se farán tantos pasatempos como equipos haxa.

LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.

VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

DESEMPEÑO:

Observación do debate e toma de decisións no que se seleccionan os ámbitos nos que centrarán a investigación.

INSTRUMENTO

AVALIACIÓN: Guía de observación desenvolta no apartado 3.2 (diario de clase)

COMPETENCIAS

AVALIADAS:

- CSC



10º.-Para a elaboración dos pasatempos, utilizaremos diferentes páxinas web coas que poderemos crealos e imprimilos. De novo poderemos utilizar a aula de informática ou os ordenadores de cada neno/a se é o caso. Algúns exemplos de páxinas web que poderemos utilizar son os seguintes:

<https://es.educaplay.com/>

<http://expresionweb.x10host.com/generador-de-juegos.html>

<http://www.discoveryeducation.com/free-puzzlemaker/>

<https://www.worksheetworks.com/puzzles.html>

Cada equipo cooperativo realizará o seu pasatempo tendo en conta o que investigou previamente sobre Rosalía, é dicir, o equipo que investigou a súa biografía, por exemplo, terá en conta eses datos para a realización do xogo.

11º.-Creación do caderniño: cada equipo cooperativo aportará o seu resumo realizado na actividade 1 xunto co seu pasatempo.

LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.

LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.

LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.



12º.-Realización da portada: dentro da área de plástica cada neno/a de xeito individual fará unha proposta de portada empregando a técnica artística que desexe.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	
13º.-Posta en marcha dunha votación para escoller a portada do noso caderniño.	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	DESEMPEÑO: Observación do debate e toma de decisións no que se seleccionan os ámbitos nos que centrarán a investigación. INSTRUMENTO AVALIACIÓN: Guía de observación desenvolta no apartado 3.2 (diario de clase) COMPETENCIAS AVALIADAS: • CCL • CSC



14º.-Montaxe por parte do profesorado do caderniño e realización das copias necesarias. Entrega dos caderniños ó alumnado das outras clases por parte do alumnado e colocación doutras copias na entrada do centro e na web do centro a disposición de toda a comunidade educativa.	-----	
---	-------	--

3.- avaliación		
estándares de aprendizaxe	instrumentos de avaliación	%
LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	GUÍA DE OBSERVACIÓN (DIARIO DE CLASE)	20%
VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	GUÍA DE OBSERVACIÓN (DIARIO DE CLASE)	20%
LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	RÚBRICA	60%



* (A ponderación dos estándares que se avalían nesta tarefa é sobre o 100% de tal xeito que poderíamos obter unha nota da mesma, agora ben, a nosa proposta sería que a ponderación a considerar fora a do perfil de área da materia que cada centro ten que elaborar)

3.1.- rúbricas						
estándares de aprendizaxe	+	A	B	C	D	-



		Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto de forma autónoma e sen ningún tipo de axuda, utilizando fontes variadas, de forma minuciosa e detallada, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto de forma autónoma e sen ningún tipo de axuda, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto con axudas puntuais por parte do mestre/a ou compañeiros/as, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	
--	--	--	--	---	--



23																
24																
25																

* (1) Unha vez que saben que o obxectivo final será obter algún tipo de produto para compartir coa comunidade educativa, pedímoslle ao alumnado que individualmente escriban nun pequeno papel un mínimo de dúas cousas e un máximo de catro que lles gustaría saber sobre a autora. A continuación faremos distintos equipos, e cada un elixirá un secretario ou secretaria que tome nota das aportacións de todos os membros do equipo. Imos lendo por quendas as aportacións e ao mesmo tempo eliminamos as repetidas. Se hai dúbidas con algunha das propostas preguntaremoslle as persoas implicadas que concreten o que querían dicir. Unha vez recollidas todas as aportacións en cada equipo, faremos unha posta en común en gran grupo, e por quendas rotatorias (para evitar que un equipo acapare todas as propostas) vaise elaborando un listado coa participación de todos. Irémolo copiando na pizarra.